

--

PRIMEIRO EXERCICIO BOLSA DE EMPREGO TRABALLO SOCIAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos en sesión ordinaria celebrada o 18/11/2024 acordou establecer as Bases para o proceso de selección para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de traballador/a social no Concello de Monforte de Lemos para a creación, mediante o sistema de oposición, dunha bolsa de emprego que permita dar cobertura ás propostas de nomeamentos interinos e contratacións laborables temporais en calquera das súas modalidades na categoría de traballador/a social e coordinador-traballador/a social no Concello de Monforte de Lemos cando concorran circunstancias de necesidade tales como cubrir interinamente postos de traballo vacantes en tanto non se desenvolva o correspondente proceso selectivo, necesidades do servizo, substitución transitoria das persoas titulares da praza, incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade ou outras circunstancias temporais. As citadas bases foron publicadas no BOP de Lugo o 27/11/2024.

As bases establecen o sistema do proceso selectivo, indicando na base novena que en primeiro lugar terá un **primeiro exercicio**, sendo este obligatorio e **eliminador**, que consistirá na resolución dun cuestionario **tipo test de cincuenta (50) preguntas**, durante un tempo máximo **dunha (1) hora**, relacionado coa parte xeral e específica do temario das citadas bases que figura no final das mesmas como anexo I, con catro **(4) respostas alternativas** a cada unha das preguntas, das que só unha (1) será correcta. Ás 50 preguntas estipuladas engádense cinco **(5) preguntas de reserva**, que serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O exercicio valorarase cun máximo de corenta puntos **(40) puntos**, para superalo débese obter un mínimo vinte **(20) puntos**, tendo en conta que cada tres (3) respostas erróneas computarán unha penalización dunha (1) reposta acertada. As preguntas en branco non puntuarán.

FOLLA DE RESPOSTAS. Para cumprimentar a folia de respostas terase en conta o seguinte:

Selecione cun círculo a resposta que considere correcta, exemplo: se a resposta que desexa sinalar é a a):

1	a	b	c	d	
---	---	---	---	---	--

Se cambia a súa selección deberá tachar a selección elixida e redondear a nova opción, neste caso caso a d):

1	a	b	c	d	
---	--------------	---	---	---	--

-
- 1) Segundo establece a Constitución española son dereitos e deberes fundamentais:
- a) a dignidade da persoa e os dereitos inviolables que lle son inherentes
 - b) o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais
 - c) a e b son correctas**
 - d) ningunha é correcta
- 2) A lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, establece, no seu artigo 27, que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva de:
- a) bases de réxime mineiro e enerxético
 - b) asistencia social**
 - c) a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade
 - d) a e b son correctas
- 3) Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social deberá prestarse en todo caso:
- a) en todos os Municipios
 - b) en Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes
 - c) en Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes**
 - d) en Municipios con poboación superior a 10.000 habitantes
- 4) A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 11 que o municipio:
- a) é a entidade local básica da organización territorial do Estado
 - b) ten personalidade xurídica
 - c) ten plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
 - d) todas son correctas**

-
- 5) Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra as resolucións que non poñan fin á vía administrativa poderá presentarse:
- a) recurso ordinario
 - b) recurso de alzada**
 - c) recurso extraordinario de revisión
 - d) recurso de reposición
- 6) Segundo o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, non estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:
- a) os traballadores por conta allea**
 - b) os estudantes universitarios para os trámites e as actuacións que realicen motivados pola súa condición académica
 - c) as persoas que representen a traballadores autónomos para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional
 - d) os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional
- 7) Segundo o artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:
- a) as persoas interesadas poderán, en calquera momento do procedemento anterior á resolución aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo. Uns e outros non terán que ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución
 - b) as persoas interesadas poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo. Uns e outros serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución**
 - c) as persoas interesadas non poderán, en calquera momento do procedemento anterior á resolución aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo. Uns e outros non terán que ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución
 - d) ningunha é correcta

-
- 8) A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece no seu artigo 32, Principios da responsabilidade, que o dano alegado:
- a) **haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas**
 - b) haberá de ser real, con relación a unha persoa
 - c) haberá de ser efectivo e individualizado a unha persoa
 - d) deberá ser demostrado e cuantificado
- 9) A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia no seu artigo 20 establece unha clasificación para as persoas empregadas públicas recollendo a seguinte clasificación:
- a) funcionario de carreira; interino; laboral
 - b) funcionario de carreira; interino; laboral; eventual**
 - c) funcionario de carreira, interino; laboral; indefinido
 - d) funcionario de carreira, interino; laboral; temporal
- 10) A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais establece no seu artigo 3 en relación aos datos das persoas falecidas que, as persoas vinculadas á persoa falecida por razóns familiares ou de feito así como os seus herdeiros poderán:
- a) dirixirse, sempre e en todo caso, ao responsable do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais daquela e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión
 - b) dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais daquela e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión, a condición de que a persoa falecida non o prohibiría expresamente ou así o estableza unha lei**
 - c) dirixirse ao responsable do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais daquela e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión, sempre que exista un documento legal que lles autorice expresamente
 - d) ningunha é correcta

-
- 11) A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ten por obxecto:
- a) ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública
 - b) regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade
 - c) establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento
 - d) todas son correctas**
- 12) As bases dun novo modelo de estado social, no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que creen as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e os grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, aséntanse en:
- a) o artigo 9.2 da Constitución española**
 - b) o artigo 9.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia
 - c) o artigo 9.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
 - d) ningunha é correcta
- 13) A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece unha estrutura básica dos servizos sociais:
- a) Servizos sociais comunitarios e Servizos sociais específicos. Os Servizos sociais comunitarios comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios especializados
 - b) Servizos sociais comunitarios e Servizos sociais especializados. Os Servizos sociais comunitarios comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos**
 - c) Servizos sociais comunitarios e Servizos sociais non comunitarios. Os Servizos sociais comunitarios comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos, servizos sociais comunitarios especializados, servizos sociais específicos
 - d) ningunha é correcta

- 14) A seguinte definición: “teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias e aos ámbitos familiar e social”, corresponde segundo establece a Lei 13/2008 a:
- a) **os servizos sociais comunitarios básicos**
 - b) os servizos sociais comunitarios específicos
 - c) os servizos sociais comunitarios especializados
 - d) os servizos sociais non comunitarios
- 15) De conformidade co previsto no artigo 60 da lei 13/2008, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:
- a) **a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social**
 - b) a xestión de subvencións e outras axudas públicas que conceda a centros e entidades prestadoras de servizos sociais
 - c) o asesoramento e asistencia técnica ás entidades e institucións que participen na prestación dos servizos sociais a fin de que a súa actuación se adecúe ao disposto na lei 13/2008
 - d) ningunha é correcta
- 16) O DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, en relación aos dereitos e deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios, sinala expresamente, que as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán dereito:
- a) a acceder e utilizar os servizos en condicións de igualdade e non discriminación
 - b) a recibir unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso
 - c) a coñecer a organización e o regulamento do servizo
 - d) **todas son correctas**

17) O modelo baseado nas achegas de Carl Rogers é o:

- a) **modelo humanista**
- b) modelo existencialista
- c) modelo fenomenolóxico
- d) modelo funcional

18) Na disciplina de traballo social, o conxunto de operacións e actividades que dentro dun proceso preestablecido desenvólvese de forma sistematizada para coñecer e actuar sobre a realidade social denomínase:

- a) diagnóstico
- b) avaliación
- c) intervención
- d) **método**

19) Cando falamos de planificación social, referímonos á ordenación previa, intencionada e racional dun proceso de produción, no que existen os seguintes instrumentos:

- a) **plan, programa e proxecto**
- b) plan, programa e obxectivos
- c) programa, proxecto e indicadores
- d) plan, programa e indicadores

20) Que instrumento específico do Traballo Social defínese como “Instrumento científico que serve para identificar situacións sociais nun momento dado e que permite elaborar un diagnóstico social”?

- a) Historia social
- b) Informe social
- c) Ficha social
- d) **Escalas de valoración social**

21) Para Teresa Rosell, a entrevista (sinala a correcta):

- a) ten unha fase de exploración na que o entrevistado expresa o motivo polo que acode ao servizo
- b) durante a fase de intercambio, obtéñense os datos necesarios e pódese iniciar a intervención**
- c) na primeira fase ou de acollida elabóranse as hipóteses ou valores do problema
- d) na fase final, o entrevistador devolve a información ao entrevistado para verificar os datos recolleitos

22) A utilización da investigación-acción-participativa é unha característica:

- a) do traballo social comunitario**
- b) do traballo social familiar
- c) do traballo social individual
- d) en equipos interdisciplinares

23) Sinala cal é un principio básico recolleito no código deontolóxico de traballo social:

- a) dignidade**
- b) xustiza social universal
- c) solidariedade
- d) recoñecemento de dereitos humanos e sociais

24) A cooperación interadministrativa que representa o Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais das Corporacións Locais instrumentalízase mediante:

- a) unha Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais
- b) un Decreto da Xunta de Galicia
- c) un Convenio-Programa suscrito entre a Administración do Estado e as corporacións locais
- d) un Convenio-Programa suscrito entre a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas**

- 25) Segundo o artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais:
- a) as rendas de inclusión municipal
 - b) a libranza vinculada á adquisición de servizos de atención a persoas en situación de discapacidade
 - c) a manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria
 - d) as prestacións para coidados na contorna familiar de menores de tres anos con grave discapacidade**
- 26) Son requisitos xenerais de acceso á renda de inclusión social de Galicia:
- a) ter máis de 20 anos
 - b) ter máis de 25 anos**
 - c) ter máis de 30 anos
 - d) a idade non é un requisito
- 27) De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda a domicilio poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:
- a) atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria
 - b) atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria
 - c) atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda
 - d) todas son correctas**
- 28) En relación ao seguimento das prestacións, axudas e beneficios e acción administrativa contra a fraude, será ou/a responsable do seguimento da correcta aplicación do Programa individual de atención no seu ámbito:
- a) o ou a traballadora social de servizos sociais especializados
 - b) o ou a traballadora social do sistema de saúde
 - c) o ou a traballadora social do equipo de valoración
 - d) a e b son correctas**

29) Desde os servizos sociais do Concello de Monforte de Lemos desenvólvese o Programa Activa que ten entre os seus obxectivos:

- a) promover o envellecemento activo das persoas maiores
- b) promover as relacións interxeracionais
- c) garantir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade social
- d) a e b son correctas**

30) En relación á prórroga automática do grao de discapacidade terase en conta que:

- a) o grao de discapacidade será obxecto de revisión sempre que se prevexa unha modificación das circunstancias que deron lugar ao seu recoñecemento, e en todo caso, na data da revisión que figure na resolución
- b) cando a Administración competente non revisase o grao de discapacidade en prazo, por causas alleas á persoa interesada, manterase o grao de discapacidade ata que haxa unha nova resolución
- c) a e b son correctas**
- d) ningunha é correcta

31) O Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, refire a toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensivo como:

- a) discriminación indirecta
- b) discriminación directa
- c) acoso**
- d) agresión

32) Para os efectos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considéranse formas de violencia de xénero, fundamentalmente, as seguintes:

- a) violencia física: violencia psicolóxica; violencia económica: violencia sexual e abusos sexuais
- b) acoso sexual; trátaa de mulleres e nenas con fins de explotación sexual
- c) a e b son correctas**
- d) ningunha é correcta

33) Para os efectos de artigo 17 bis da lei Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia aquelas familias que se atopan nunha probada situación de necesidade, como son as perceptoras da renda de inclusión social de Galicia, ou aquelas outras que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125% dos límites equivalentes da renda de inclusión social de Galicia que lles serían de aplicación segundo a composición da unidade de convivencia considéranse familias:

- a) en situación de especial vulnerabilidade social
- b) en situación de especial vulnerabilidade económica**
- c) en situación de extrema vulnerabilidade social
- d) en situación de extrema vulnerabilidade económica

34) Calquera acción non accidental por parte dos pais ou coidadores que provoque dano físico ou enfermidade no neno ou a nena ou sitúeo en grave risco de padecelo é:

- a) malos tratos físicos**
- b) abandono físico
- c) malos tratos psíquicos
- d) abandono psíquico

35) En relación á residencia permanente son titulares do dereito para residir con carácter permanente os cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, e os membros da familia que non sexan nacionais dun dos devanditos Estados, que residisen legalmente en España durante un período continuado de:

- a) 2 anos
- b) 3 anos
- c) 4 anos
- d) **5 anos**

36) O Sistema de Información de Usuarios/as de Servizos Sociais (SIUSS) está estruturado en niveis independentes pero interrelacionados entre si para o intercambio de información, en que nivel se atopa o contido e desenvolvemento da Ficha Social?

- a) **Unidade de Traballo Social (UTS)**
- b) Centro de Servizos Sociais (CSS)
- c) Comunidade Autónoma
- d) Ministerio

37) O código deontolóxico da profesión de traballo social, fai referencia ao segredo profesional. Como o define?

- a) **como un dereito e un deber profesional, que permanecerá mesmo despois de cesar a prestación dos servizos profesionais**
- b) como un deber profesional, que se extinguirá despois de cesar a prestación dos servizos profesionais
- c) como un dereito e un deber do profesional, que se extinguirá unha vez que se produza o falecemento da persoa usuaria
- d) ningunha é correcta

- 38) Cal dos seguintes factores de exclusión social *non* se contempla no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro de inclusión social de Galicia, para a valoración técnica da situación de exclusión social?
- a) estar nunha situación de cargas familiares non compartidas
 - b) ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reatribución sexual
 - c) ter unha discapacidade valorada superior ao 65%**
 - d) todos os factores anteriores contémlanse na devandita lei como factores de exclusión social
- 39) Segundo o establecido no artigo 9 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, non é un grupo de familia de especial consideración:
- a) as familias monoparentais
 - b) as familias con persoas inmigrantes**
 - c) as familias acolledoras
 - d) as familias con persoas dependentes a cargo
- 40) Segundo o establecido no artigo 5 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia está integrada por:
- a) carteira de servizos comúns, especiais e de asistente persoal
 - b) carteira de servizos básicos e específicos
 - c) carteira de servizos comúns, específicos e de asistente persoal**
 - d) carteira de servizos básicos, especiais e de asistente persoal
- 41) Que intensidade do servizo de axuda a domicilio de carácter intensivo a través do Sistema de atención á dependencia correspóndelle a unha persoa valorada cun grao II/II de dependencia?
- a) de 38 a 64 h/mes**
 - b) de 20 a 37 h/mes
 - c) de 21 a 45 h/mes
 - d) ningunha das anteriores é correcta

42) Segundo establécese na Lei 39/2016, de promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia, cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal, a súa situación de dependencia clasificarase como:

- a) dependencia leve
- b) dependencia moderada**
- c) dependencia severa
- d) gran dependencia

43) Segundo o establecido na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, a utilización do castigo físico ou emocional sobre unha persoa menor, sen constituír episodio severo ou patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento, considérase:

- a) un dereito dos proxenitores
- b) unha situación de risco**
- c) unha situación de desamparo
- d) unha medida correctora

44) A Lei 10/2013, do 27 de novembro de inclusión social de Galicia establece que as persoas beneficiarias da Renda de Inclusión Social de Galicia terán as seguintes obrigacións:

- a) comunicar no prazo de cinco días o acceso a un emprego
- b) solicitar a baixa da prestación económica ou nalgún dos seus tramos, no prazo de dez días a partir do momento no que se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa percepción
- c) facilitar o seguimento do seu caso ao profesional dos servizos sociais comunitarios que se lle asigne, e nos termos que se establezan no proxecto de integración social
- d) todas as anteriores son correctas**

45) As axudas de inclusión social recollidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro de inclusión social de Galicia sinala a resposta **incorrecta**:

- a) son prestacións económicas non periódicas
- b) teñen carácter de subvención**
- c) teñen como finalidade reforzar procesos de inclusión social de persoas ou familias en risco ou exclusión social
- d) todas as respostas anteriores son correctas

46) Segundo o establecido no artigo 34 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, en que equipo profesional de servizos sociais comunitarios básicos deberá asegurarse a presenza de polo menos unha persoa titulada superior ou en posesión do grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios:

- a) nas Unidades de traballo social (UTS)
- b) nas Unidades de traballo e educación social (UTES)
- c) nas Unidades interdisciplinares de intervención social (UNIS)**
- d) nas Unidades de traballo social (UTS) e nas Unidades de traballo e educación social (UTES)

47) Son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos segundo establécese no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento:

- a) a identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco**
- b) desenvolvemento de programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social
- c) a xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas
- d) ningunha resposta das anteriores é correcta

48) O servizo de axuda a domicilio poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social:

- a) con carácter obrigatorio
- b) con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar**
- c) non é unha actuación preventiva do servizo de axuda a domicilio
- d) ningunha resposta das anteriores é correcta

49) As persoas usuarias de servizos sociais teñen os seguintes dereitos:

- a) a recibir unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades**
- b) manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no seu proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social
- c) cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos
- d) ningunha das anteriores é correcta

50) O servizo de axuda a domicilio, unha vez garantido o nivel básico de atención, segundo o establecido no artigo 14 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan vos servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, poderá incorporar os seguintes tipos de actuación de carácter complementario. Indica a incorrecta:

- a) servizo de optometría no fogar**
- b) adaptacións funcionais do fogar
- c) servizo de podoloxía a domicilio
- d) actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables

RESERVAS

- 1) Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:
 - a) os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos
 - b) os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos, recursos administrativos e procedementos de arbitraje e os que declaren a súa inadmisión
 - c) a e b son correctas**
 - d) ningunha é correcta

- 2) As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo, segundo establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece no seu artigo 26:
 - a) en canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, pero só no referido á tipificación da infracción como á sanción, pero non aos seus prazos de prescrición
 - b) en canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto de as sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición**
 - c) en canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, pero nunca respecto de as sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición
 - d) ningunha é correcta

- 3) O DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 34 os tipos de equipo profesional en función da área social e do concello en que se actúa definíndose os seguintes:
 - a) Unidades de traballo social (UTS);
 - b) Unidades de traballo social (UTS); Unidades de traballo e educación social (UTES)
 - c) Unidades de traballo social (UTS); Unidades de traballo e educación social (UTES); Unidades interdisciplinares de intervención social (UNIS)**
 - d) Unidades de traballo social (UTS); Unidades de traballo e educación social (UTES); Unidades interdisciplinares de intervención social (UNIS); unidades multidisciplinares de intervención social (UMIS)

-
- 4) Segundo o Artigo 52 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, a convivencia nunha contorna sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral da persoa menor ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade constitúe:
- a) **situación de desamparo**
 - b) situación de risco
 - c) situación de exclusión social
 - d) ningunha é correcta
- 5) A definición de “ficha social informatizada que permite recoller os datos básicos e obter a información estatística sobre os usuarios dos servizos sociais comunitarios, dunha maneira máis áxil e operativa, optimizando as tarefas relacionadas coa atención directa á persoa usuaria dos servizos sociais” corresponde a:
- a) **SIUSS**
 - b) HSUE
 - c) SIGAD
 - d) MATIASS